

O 16 de setembro dá comezo a Semana Europea da Mobilidade. Con esta campaña, desde 2002, trabállase na promoción dunha **movilidade limpa nas cidades e na mellora do transporte urbano** na procura dun **incremento da saúde pública** a través do **aumento da calidade do aire**. Procúrase recuperar unha escala humana na mobilidade e que esta sexa máis sustentable.

Esta campaña anima á xente para escoller **modos de transporte activos**, e a combinar os desprazamentos a pé e en bicicleta co transporte público. Ademais da flexibilidade, camiñar e ir en bicicleta ofrecen moitos outros beneficios, como a **acesibilidade social e económica**, a **fiabilidade**, a **ausencia de emisións** e un impacto positivo sobre a **saúde**. E o máis importante: **as cidades nas que predomina a mobilidade activa transfórmanse**.

A chamada á acción da Semana Europeade a Mobilidade 2019 é: **Camiña connosco!**. Este é o punto central do tema deste ano, «**Camiñar e pedalear de forma segura**», e resalta de maneira especial un modo de transporte que adoita infravalorarse: CAMIÑAR.

“Unha cidade, se é realmente unha cidade, ten un ritmo moi complexo, baseado en moitos tipos de movemento: humano, mecánico e natural. O primeiro está paradoxalmente suprimido, o segundo tiránicamente salientado, o terceiro inadecuadamente expresado.”

Con rodas ou sen rodas, o home/muller é esencialmente un peón. Se realmente quere selo, se chegará a selo de novo, ou se xa non o quere ser máis, é bastante arbitrario. O é!. A beirarrúa (sidewalk) refírese ao que se refire (‘side’ + ‘walk’)! Satisfacer as necesidades do peón significa satisfacer as necesidades do nen@. Unha cidade que pasa por alto a presenza do nen@ é un lugar pobre. Os movementos desta serán incompletos e opresivos. O nen@ non pode redescubrir a cidade a menos que a cidade redescubra ao nen@.”


Aldo van Eyck [Arquitecto]



SEMANA EUROPEA DAMOBILIDADE

16-22 DE SETEMBRO

Camiña connosco!



VAI, A VILA DA MOBILIDADE VILAGARCÍA DE AROUSA

#mobilityweek



TODA A SEMANA

RÚA VALENTÍN VIQUEIRA CON REY DAVIÑA

■ Proxección continuada “A Mobilidade en Europa”

É necesario coñecer e descubrir novas maneiras de desprazarnos, novas estratexias de mobilidade e formas innovadoras de vincular o territorio.

RÚAS DA VILA

■ Exposición fotográfica “A Vila de Onte”

Mostra a cidade a través das súas rúas e as súas xentes. Fotografías cedidas por: O Faiado da Memoria.

RÚA ARAPILES E PRAZA DA INDEPENDENCIA

■ Park(ing)

Ocupación de zonas habituais de estacionamento de vehículos co obxectivo de convertelas en pequenos recunchos de estancia.

CONCURSO DE CURTOS

■ “O CAMIÑAR como TRANSPORTE”

Dirixido a todo o alumnado dos IES de Vilagarcía. Crea un vídeo de 2 minutos co teu móbil mentras camiñas pola cidade e participa!

CONCURSO FOTOGRÁFICO EN INSTAGRAM

■ #MóveteporVilagarcía

Dirixido a toda a cidadanía que se desprace por Vilagarcía a pé, en bicicleta ou en transporte público.



Do 16 ao 22 de setembro publica en “noticias” as túas fotos de como te desprazas pola cidade, etiquetadas con

#MóveteporVilagarcía

e participa no concurso. As mellores imaxes terán premio!

DE LUNS A VENRES

FEDEXGA [10.00H A 13.00H]

■ Taller de EDUCACIÓN VIAL

Realizado pola Policía Local de Vilagarcía.

COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

■ “Vai ao cole na Vila da Mobilidade”


ROTEIRO ESCOLAR: iniciativa que pretende promover e facilitar que os nenos e nenas vaian á escola a pé e de forma autónoma.

PARK(ING) PRAZA DA INDEPENDENCIA [17.00H A 19.00H]

■ Roteiros en bicicleta

Durante os roteiros realizaranse medicións con sonómetro para ver a calidade acústica das nosas rúas.

Colabora: Arousa en Bici.



#mobiweek

PARK(ING) PRAZA DA INDEPENDENCIA [18.00H A 20.00H]

■ Taller de posta a punto de bicicletas

Realizado por: MOTO BAZAR

PARK(ING) PRAZA DA INDEPENDENCIA [19.00H]

■ Roteiro HISTÓRICO

Os roteiros inicianse na Praza da Independencia e continuarán por: Praza de España, Pazo e Convento de Vistalegre, Castro de Alobre, Parque Botánico, Mercado e Praza de Abastos, Rúa do Castro, Peixaría, Alameda, a Rúa da Baldosa e a Praza de Ravella.

PROGRAMACIÓN POR DÍAS

MARTES 17

CENTRO SOCIAL DA TERCEIRA IDADE [10.00H]

■ Charla: “Mobilidade e Educación Vial”

Realizado pola Policía Local de Vilagarcía.

VENRES 20

CASA DO CONCELLO [10.00H]

■ Firma da Carta de Adhesión á Semana Europea da Mobilidade.

■ Presentación do Programa Municipal de Mobilidade “VAI!”.

PRAZA DA INDEPENDENCIA [TODO O DÍA]

■ PARK(ing) Day

É un evento anual aberto á participación da cidadanía, que consiste en transformar durante un día unha ou varias prazas de aparcamento en zonas de estancia.

SÁBADO 21

RÚA CONDE VALLELLANO [16.00H A 20.00H]

■ Taller “A Vila do Mañá”

Proxecto educativo e de divulgación, cuxo obxectivo é que desde a infancia e a través do xogo tómesese conciencia de todas as escalas do común. Vilagarcía converterase no noso taboleiro de xogo e laboratorio de experimentación. PØSTarquitectos.

PARK(ING) PRAZA DA INDEPENDENCIA [21.00H]

■ Marcha ciclista nocturna

Realizado por: Arousa en Bici

DOMINGO 22

CENTRO DA CIDADE [TODO O DÍA]

■ Día SIN COCHES

RÚA CONDE VALLELLANO [10-14.00H E 16-20.00H]

■ Taller “A Vila do Mañá”

AVISO: Para desenvolver as actividades cortaranse temporalmente as seguintes vías: - De luns a venres, durante o desenvolvemento dos Roteiros en Bicicleta (17:00 - 19:00h): Av. Rodrigo de Mendoza, Rúa Fariña Ferreiro, Av. Doutor Tourón e Av. de Cambados. - Sábado e domingo, para o taller “A Vila do Mañá”: Rúa Conde Vallellano.